

ESQUERDA REVOLUCIONARIA



¡Únete á esquerda revolucionaria! Contra o capitalismo, os recortes e a represión dos nosos dereitos

A humanidade está sendo empuxada a un calello sen saída. As guerras imperialistas, coa seu regueiro de destrución e morte, a represión contra millóns de refuxiados que chegan a Europa e son internados en campos de concentración, os ataques ós dereitos democráticos ou a devastación do medioambiente, por citar só algúns exemplos, amosan a barbarie que se estende polo planeta. Todo iso mentres existe tal abundancia de riqueza e de tecnoloxía, de medios materiais, que sería perfectamente posible garantir unha existencia digna a toda a poboación.

Mentres esta realidade golpéanos, os gobernos que aceptan a lóxica do capitalismo, xa sexan abertamente de dereitas ou se chamen socialdemócratas, impoñen-nos unha política de recortes sociais brutais, desemprego crónico, precariedade e desigualdade sen precedentes. Falan de “democracia”, pero o certo é que unha minoría de privilexiados, que nadan no luxo máis obsceno, son os que deciden. Chámalo democracia pero realmente vivimos sometidos á ditadura do capital financeiro.

Só o pobo salva ó pobo

Pero a crise do capitalismo tamén ten outra cara: golpeou a conciencia de millóns de traballadores e mozos, impulsando unha gran rebelión social, folgas xerais e manifestacións de masas descoñecidas en décadas, todo o cal provocou un xiro á esquerda en numerosos países. A aparición de novas formacións como Syriza e Podemos, a irrupción de Jeremy Corbyn en Gran Bretaña ou o ascenso de Bernie Sanders en EEUU dan a medida do enorme potencial que existe para transformar a sociedade.



A clase obreira e a mocidade constituímos a forza máis poderosa, e sen o noso permiso é imposible que nada funcione na sociedade. Pero esa forza necesita dunha organización e un programa revolucionario. O capitalismo non se pode transformar mediante boas intencións. A crúa realidade amosa que a burguesía e os grandes monopolios non están dispostos a ceder nada de nada no seu afán de acumular beneficios, aínda que isto supoña o sufrimento de millóns de persoas. A este respecto, a experiencia de Grecia é aleccionadora: o pobo grego puxo a Syriza no goberno, votou masivamente nun referendo contra as imposicións da troika, pero Tsipras deu as costas a toda esa

forza e capitulou ante os grandes poderes económicos. Esta opción non era nin moito menos a única posible. Se o goberno de Syriza se tivese apoiado nos traballadores e a mocidade, aplicando abertamente medidas contundentes para poñer fin á catástrofe que vive Grecia, nacionalizando a banca e os grandes monopolios, e colocando a riqueza da sociedade baixo o control democrático do pobo grego, ese exemplo espertaría unha solidariedade inmensa en Europa e en todo o mundo.

O que serve para Grecia serve tamén para o Estado español. O capitalismo non funciona sobre a base do sentido común, sobre a base do lóxico ou do beneficioso para a maioría. Funciona por e para o lucro dos grandes empresarios e banqueiros, que son os que realmente controlan os resortes do poder político e do Estado. Se non se rompe co poder desta elite privilexiada, que ninguén votou pero que decide con man de ferro sobre a vida da maioría da poboación, os discursos máis progresistas se volven completamente impotentes.

A auténtica democracia non pode existir se non vai acompañada de xustiza social e de igualdade. Pero unha sociedade así —socialista e democrática— non caerá do ceo, senón que terá que ser produto da organización e da loita. Os traballadores e mozos que formamos parte de ESQUERDA REVOLUCIONARIA, que construímos o Sindicato de Estudiantes e participamos de xeito militante no sindicalismo de clase e nos movementos sociais defendendo un programa anticapitalista e socialista, cremos que non debemos conformarnos con votar. Ningunha aritmética parlamentaria pode modificar o plan da burguesía española e europea de volver á carga con máis recortes, máis auste-

ridade, máis ataques ós nosos dereitos. Se queremos derrotar ós capitalistas necesitamos a mobilización masiva da poboación, ocupando as prazas e as rúas e profundando a rebelión social que colocou á dereita contra as cordas nestes anos. Pero tamén necesitamos transformar esta loita en organización consciente nos centros de estudo, nas empresas e fábricas, nos nosos barrios. Só o pobo salva ao pobo.



Le e difunde **EL MILITANTE**,
o xornal de Esquerda Revolucionaria

- Anulación da contrarreforma laboral e da contrarreforma das pensións. Xubilación ós 60 anos co 100% do salario e contratos de substitución para a mocidade.
- Prohibición por lei dos desafiuzamentos. Parque de vivendas públicas con alugueres sociais, expropiando os pisos baleiros en mans dos bancos.
- Derrogación da LOMCE e o 3+2. Ensino público digno, democrático e gratuíto desde infantil até a universidade.
- Dereito a unha sanidade digna, gratuíta e universal.
- Solidariedade real e concreta cos refuxiados: nin cupos nin campos de internamento. Derrogación da Lei de Estranxeiría e dos CIEs.
- Remunicipalización dos servizos públicos privatizados, mantendo e ampliando os cadros de persoal e respectando os dereitos laborais.
- Salario mínimo de 1.100 euros mensuais e 35 horas semanais sen redución salarial.
- Plenos dereitos democráticos de expresión, reunión e organización. Derrogación da Lei Mordaza.
- Nacionalización da banca e os sectores estratéxicos da economía, para rescatar as persoas e elevar o benestar da maioría.
- Polo dereito á autodeterminación para Cataluña, Euskal Herria e Galiza. Pola República Socialista Federal.

¡Únete a ESQUERDA REVOLUCIONARIA!
¡Hai que organizarse e loitar!